

CIRCULAR 38-2025.

XXXVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 16 EN PISTA CURTA

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 22 de febreiro en Expourense (Ourense), o Campionato Xunta de Galicia Sub 16 en Pista Curta.

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza na presente tempada pola FGA.

- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas.
 - o No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 230 metros.
- Número máximo de atletas por proba:

Proba	Mulleres	Homes
60	64	64
300	36	36
600	24	24
1000	36	36
3000	16	16
60v	32	32
Concursos	16	16

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 17 de febreiro.

- Limitarase a inscrición a un máximo de 3 probas individuais.
 - o A FGA eliminará, aleatoriamente, tantas inscricións como sexa preciso daqueles que se inscriban en máis probas das regulamentadas.
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.

Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 19 de febreiro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal
- Pasado este prazo, as persoas que non cumpran co establecido no Art.2, serán axustadas á normativa pola Dirección Técnica, eliminando tantas inscricións como sexa preciso.



Art.5).- Distancia das liñas de batida no triplo:

- o Non menos de 8 metros en mulleres e 9 en homes.

Art.6).- Alturas mínimas de inicio nos saltos verticais:

Altura Mulleres	1.20
Altura Homes	1.36
Pértega Mulleres	1.81
Pértega Homes	2.01

- As cadencias anunciaranse unha vez publicada a listaxe definitiva de participantes.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.8).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.9).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras (semifinais)	5'
Carreiras (finais) e valos	7'
Concursos	20'
Pértega*	35'

*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, nos seguintes casos:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos, non tome parte da mesma.
- Estando clasificado para unha ronda posterior, non tome parte da mesma.



Art.11).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

SUB 16 - SÁBADO MAÑÁ						
HORA	CARREIRAS			S. VERTICAIS	S. HORIZONTAIS	PESO
10:00	60	Mulleres	Semifinal	Altura Homes		Homes
10:05	60	Mulleres	Semifinal			
10:10	60	Mulleres	Semifinal			
10:15	60	Mulleres	Semifinal			
10:20	60	Mulleres	Semifinal			
10:25	60	Mulleres	Semifinal			
10:30	60	Mulleres	Semifinal			
10:35	60	Mulleres	Semifinal			
10:40	60	Homes	Semifinal			
10:45	60	Homes	Semifinal			
10:50	60	Homes	Semifinal			
10:55	60	Homes	Semifinal			
11:00	60	Homes	Semifinal			
11:05	60	Homes	Semifinal			
11:10	60	Homes	Semifinal			
11:15	60	Homes	Semifinal			
11:20					Triplo Mulleres	
11:25	3000	Mulleres	Final			
11:45	3000	Homes	Final			
12:05	60	Mulleres	Final B			
12:10				Altura Mulleres		
12:13	60	Mulleres	Final A			
12:21	60	Homes	Final B			
12:29	60	Homes	Final A			
12:40	300	Mulleres	Semifinal			
12:46	300	Mulleres	Semifinal		Triplo Homes	
12:52	300	Mulleres	Semifinal			
12:58	300	Mulleres	Semifinal			
13:04	300	Mulleres	Semifinal			
13:10	300	Mulleres	Semifinal			
13:16	300	Homes	Semifinal			
13:22	300	Homes	Semifinal			
13:28	300	Homes	Semifinal			
13:34	300	Homes	Semifinal			
13:40	300	Homes	Semifinal			
13:46	300	Homes	Semifinal			



SUB 16 - SÁBADO TARDE						
HORA	CARREIRAS			S. VERTICAIS	S. HORIZONTAIS	PESO
16:30	60 valos (0,91)	Homes	Semifinal	Pértega Homes		Mulleres
16:38	60 valos (0,91)	Homes	Semifinal			
16:46	60 valos (0,91)	Homes	Semifinal			
16:54	60 valos (0,91)	Homes	Semifinal			
17:06	60 valos (0,76)	Mulleres	Semifinal			
17:14	60 valos (0,76)	Mulleres	Semifinal			
17:22	60 valos (0,76)	Mulleres	Semifinal			
17:30	60 valos (0,76)	Mulleres	Semifinal			
17:40	600	Mulleres	Final C			
17:46	600	Mulleres	Final B			
17:50					Lonxitude Mulleres	
17:52	600	Mulleres	Final A			
17:58	600	Homes	Final C			
18:04	600	Homes	Final B			
18:10	600	Homes	Final A			
18:16	1000	Mulleres	Final C			
18:24	1000	Mulleres	Final B			
18:31	1000	Mulleres	Final A			
18:38	1000	Homes	Final C			
18:40				Pértega Mulleres		
18:46	1000	Homes	Final B			
18:53	1000	Homes	Final A			
19:05	60 valos (0,76)	Mulleres	Final B			
19:13	60 valos (0,76)	Mulleres	Final A			
19:15					Lonxitude Homes	
19:28	60 valos (0,91)	Homes	Final B			
19:36	60 valos (0,91)	Homes	Final A			
19:45	300	Mulleres	Final B			
19:53	300	Mulleres	Final A			
20:01	300	Homes	Final B			
20:09	300	Homes	Final A			

Art.12).- Entrega de premios.

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.
- Realizaranse as entregas na primeira das seguintes horas na que sexa posible, segundo teñan finalizado as probas:

12:30	13:00	14:00*
18:30	19:30	20:20

* Se algunha proba da mañá non rematou ás 14:00, a entrega realizarase toda vez finalice a mesma.



Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Nas competicións nas que se regule un número máximo de inscricións, establecerase unha penalización de 10 € por proba excedida.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 05 de febreiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo